



jdiaz

Refª: Acta do Tribunal do proceso selectivo de bombeiro condutor

Asunto: Acta relativa a desestimación da solicitude de aplazamento do segundo exercicio:  
proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros.

**ACTA RELATIVA AO INFORME DO TRIBUNAL DA CONVOCATORIA  
DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O  
ACCESO EN PROPIEDADE DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (3  
PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2018 e 6  
INCLUIDAS NA OEP 2020 ) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL  
FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE,  
RELATIVA A SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN INTERESADA POR DON ANXO  
SANCHEZ SANCHEZ A TRAVÉS DO ESCRITO CON REXISTRO DE ENTRADA  
NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2.022, AS 11,02  
HORAS.**

Ás 10 horas da mañá do día 17 de febreiro de 2.022, reuniese o Tribunal do referido proceso selectivo no Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez de Lugo, co fin de resolver, entre outros asuntos, a solicitude do aplazamento do segundo exercicio do referido proceso selectivo, proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros, fixado para o día 27 de xaneiro de 2022, ás 10,30 horas nas Pistas de Ateletismo municipais de Gregorio Pérez Rivero, a través do escrito con rexistro de entrada no Excmo. Concello de Lugo o día 25 de xaneiro de 2.022, as 11,02 horas, coa asistencia dos seguintes membros de este que se citan a continuación:

**Presidente:** Don Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

**Vogais:** Don Pablo Yanes Rivas, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Don Alejandro Fernández Carballeira, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Ferrol, La Coruña.

Don Eduardo López Dorado, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

**Asesor colaborador do Tribunal:** Don Gonzalo Perreira Ferreiro, Licenciado en Educación Física.

**Secretario:** Don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor-Vicesecretario do Concello de Lugo.

Reunido o tribunal no lugar e data mencionados anteriormente, procedeu á lectura do escrito presentado por don Anxo Sánchez Sánchez, a través do escrito con rexistro de entrada no Excmo. Concello de Lugo o día 25 de xaneiro de 2.022, as 11,02 horas, no que solicita o aplazamento do do segundo exercicio do referido proceso selectivo, proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros, fixado para o día 27 de xaneiro de 2022, ás 10,30 horas nas Pistas de Ateletismo municipais de



jdiaz

Refª: Acta do Tribunal do proceso selectivo de bombeiro condutor

Asunto: Acta relativa a desestimación da solicitude de aplazamento do segundo exercicio:  
proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros.

Gregorio Pérez Rivero de Lugo, por atoparse confinado por dar positivo por COVID, segundo acredita co informe médico que achega.

O referido aspirante fundamenta a solicitude de aplazamento do referido exercicio do proceso selectivo alegando que debe gardar corentena ata o 30 de xaneiro de 2022 por dar positivo tras a realización do test de antíxenos, o que lle obliga a gardar corentena ata o 30/01/2022.

Vista a referida solicitude de aplazamento, este Tribunal acorda desestimar a mesma fundamentalmente polo feito incuestionable da reducida plantilla de funcionarios da que conta actualmente o Servizo de Extinción de Incendios do Excmo. Concello de Lugo, unido a delicada situación sanitaria na que nos atopamos, o que fai necesario desenrolar o precipitado proceso selectivo sen ningún tipo de retraso ou demora algúns na realización dos distintos exercicios e probas que o integran, debendo garantizar en todo momento o interese público na debida prestación adecuada dos servizos públicos en sectores esenciais que poden verse afectados polas razóns obxectivas anteriormente expostas.

Non esquezamos, ademais, que o aplazamento solicitado vulneraría a total e absoluta transparencia e imparcialidade que debe rexir en todo proceso selectivo, por canto aplazamento solicitado beneficiaría incluso o interesado que realizaría a referida proba física noutra data distinta a fixada para todos os aspirantes do precipitado proceso selectivo.

Convén subliñar, ademais que os procesos selectivos de persoal que se inicien de oficio pola Administración rixensen, como non pode ser doutro xeito, polas normas das referidas convocatorias, como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de xaneiro de 2008, polo que o incumprimento dos prazos por parte da Administración convocante podía acarrear conforme o disposto no artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público a caducidade dos procesos selectivos amparados nas correspondentes Ofertas de Empleo Público sempre e cando non se desenrolen no prazo improrrogable de tres anos, tal e como ven recoñecendo e declarando reiterada doutrina xurisprudencial do Tribunais Superiores de Xustiza, entre as que cabe citar as Senteza do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla e León de 30 de xaneiro de 2017, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón de 22 de setembro de 2016, e a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 22 de xullo de 2.016, entre outras.

Por todo o anteriormente exposto, este Tribunal acordou poñer en coñecemento do aspirante don Anxo Sánchez Sánchez a presente resolución desestimatoria da súa solicitude de aplazamento do segundo exercicio do referido proceso selectivo, proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros, fixado para o día 27 de xaneiro de 2022, ás 10,30 horas nas Pistas de Ateletismo municipais de Gregorio Pérez Rivero de Lugo, a través do escrito con rexistro de entrada no



jdiaz

Refª: Acta do Tribunal do proceso selectivo de bombeiro condutor

Asunto: Acta relativa a desestimación da solicitude de aplazamento do segundo exercicio:  
proba física: 1ª proba de fondo: 2.000 metros.

Excmo. Concello de Lugo o día 25 de xaneiro de 2.022, as 11,02 horas, polas razóns anteriormente expostas, mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina WEB deste Concello de Lugo.

Conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente publicación produce os efectos de notificación individualizada o referido aspirante, significándolle, ademais, a posibilidade de presentar, no prazo de 1 mes a contar dende o dia seguinte o de esta publicación, recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante este Tribunal cualificador ou ante a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolvelo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levantase a presente Acta as 10,30 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: Juan Ignacio Márquez Gacio.

Vogal.

Asdo.: Pablo Yanes Rivas.

Asesor colaborador.

Asdo.: Gonzalo Perreira Ferreiro.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Eduardo López Dorado.

Vogal.

Alejandro Fernández Carballeira.



